

Amigas e amigos.

Co noso agradecemento á Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, que xa é unha adulta de vintecinco primaveras, e a vostedes pola súa asistencia, Edicions A Nosa Terra apresentalles esta *Viaxe ao corazón de Galiza* da que é autor o poeta Xulio Valcárcel.

Este libro tan leve e fondo na súa escrita oferecese-nos como unha viaxe ás vivencias coas que o noso autor e os seus acompañantes habitan a realidade á procura das pegadas dos homes e mulleres que antes de nós andiveron e traballaron de sol a sol, esta mesma terra, terra na que foron amados por ela e que tamén sofriron con inxustizas de outra historia que non era a nosa, que foi non a que quixemos construír senón a que nos deixaron construír ós galegos.

Estas terras da Ulloa e Chantada que verquen no río Miño, que beben nos seus espellos, que adormecen acochadas aos pés dos seus entardeceres, esta unha viaxe tan íntima ao tempo que polifonica, partindo da palabra poética dunha escrita leve nas maneiras literarias, que definen ao noso querido amigo Xulio Valcárcel, que nos acompaña hoxe neste acto entrañável coa vosa presencia.

No seu narrar Xulio lévanos da man a percorrer a paisaxe para nola dizer amorosa, con palabras cheas de cálida ingrávez.

Neste libro o noso autor parte de novo á redescuberta das terras de Chantada, este libro que segue ao xa publicado de Lois Diéguez, Martínez Oca e por Francisco Fernández Naval, que nos levou fermosamente de Noia a Fisterra nunha *Viaxe á procura do solpor*, forma parte dunha colección de viaxes de Edicións A Nosa Terra, que era unha vella ilusión editorial e que xa, libro a libro, vai sendo xa unha feliz realidade.

A colección penso honestamente que gracias aos nosos autores ten a mesma altura que a extensa e fértil serie de escritores viaxeiros que ao longo da historia fixeron livros impagáveis; na ledicia que nos deron e que a nós falaron de países estraños e fermosos en fermosos livros Gustav Flaubert, Chataubriand, Pier Loti, Kiplin, Cunqueiro, Egeria, don Ramón Otero Pedraio. Dinos don Ramón un texto que sempre leo porque é o motivo final da colección: *non hai contentamento semellante ao que dá a unha alma galega a longa e pura intimidade coa terra e coa xente de Galiza*.